



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura




MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

75 ANIVERSARIO
MUSEO
PROVINCIAL
DE LUGO
RONSEL DE FUTURO

[1 2 3 4 5] Cinco fotografías para un espacio

Sala de Exposicións da Deputación de Lugo
Do 17 de abril ao 15 de maio de 2008



[1
Alfredo Bongiani

2
Luis Engroba

3
Xosé Reigosa

4
Germán Limeres

5]
Damián Varela

[1 2 3 4 5]

Cinco fotógrafos para un espazo

Non se trata de buscar, senón de atopar, saír a rúa, quedar con alguén, pasear..., e de súpeto, MIRAR..., e o mundo párase, algo te atrae, conmóvete, e constrúese ante os teus ollos esa imaxe, que queda ligada a ti de forma íntima e inevitable a través do obxectivo. Fotografar é observar.

Nesta exposición abrimos unha fiestra á mirada de cinco observadores que nos ispen o seu punto de vista da realidade que os rodea.

Como espectadores accedemos ás miradas dos retratos de Alfredo; aos paradoxais xogos de imaxes de Jose; aos espazos como retratos dunha humanidade ausente da Luís; ás contruccións deconstruídas de Germán;e, á soidade e a incomunicación persoal feita imaxe en Damián.

Cinco formas diferentes de mirar a realidade, cinco contornas diferentes que captar, cinco actitudes ante a imaxe, cinco experiencias, cinco propostas... e un espazo.

E se existe un punto de converxencia entre eles e nós, ten voz de homenaxe, sentíndonos na necesidade de dedicarllo, a eles, a nós, ... aos que miran... porque MIRAR É EXISTIR.

Andrea Vázquez